

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**4646** *Lei orgánica 1/2012, do 3 de abril, pola que se exclúen do ámbito de aplicación da disposición adicional da Lei orgánica 3/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, determinados mecanismos de financiamento.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A persistencia da actual crise económica puxo de manifesto a necesidade de adoptar medidas urxentes e extraordinarias para incrementar a liquidez e favorecer o equilibrio financeiro e orzamentario das administracións públicas.

Os recursos das administracións públicas estanse vendo sensiblemente afectados debido á deterioración xeral da actividade económica e á intensidade e duración da crise. Esta situación derivou nun incremento dos períodos medios de pagamento aos provedores das diferentes administracións, pondo en perigo a mesma viabilidade económica das empresas, especialmente as pequenas e medianas empresas, que viron agravada a súa situación pola restrición do crédito paralela á crise financeira en que se encontran incursas as entidades financeiras nacionais e do noso contorno.

Os atrasos nos pagamentos das administracións e a dificultade no acceso ao crédito están provocando un efecto directo na actividade económica tanto das empresas afectadas como dos seus provedores, o que pode derivar nun incumprimento xeneralizado por todas elas da normativa vixente en materia de morosidade.

Para evitar estes indesexables efectos que retroalimentan a situación xeneralizada de crise, a Administración do Estado iniciou a posta en marcha dun mecanismo extraordinario de financiamento para que as comunidades autónomas e as entidades locais poidan, de forma urxente e excepcional, facer fronte ás súas obrigas pendentes de pagamento cos seus provedores. Este mecanismo puntual límtase ao exercicio 2012 e en relación coas obrigas pendentes de pagamento anteriores ao 1 de xaneiro de 2012.

A instrumentación deste mecanismo de financiamento e a súa aplicación efectiva de maneira que se logre esa inxección de liquidez nos provedores, e por tanto na economía, require que as administracións cumpran os diferentes requisitos que se lles exixan e fagan fronte ás operacións financeiras que se habiliten para dotalas da fortaleza financeira suficiente para pórse ao día no pagamento das obrigas pendentes, líquidas e exixibles. A posta en marcha e, por tanto, a efectividade e eficacia do mecanismo financeiro require das conseguíntes garantías que permitan asegurar o cumprimento polas administracións afectadas dos seus compromisos financeiros e das demais exixencias necesarias para a implantación e o funcionamento do mecanismo.

Por isto, a Administración do Estado debe reservar para si a potestade de garantir esas operacións de endebedamento para asegurar o cumprimento das obrigas exixidas e, por tanto, para facilitar o financiamento das operacións en prezo e volume.

Con esta finalidade resulta necesario excluír do ámbito de aplicación da disposición adicional da Lei orgánica 3/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, os mecanismos extraordinarios de financiamento que poida habilitar o Estado co fin de que as comunidades

autónomas poidan facer fronte ás obrigas pendentes de pagamento cos seus provedores, de xeito que, de forma excepcional e limitada aos mecanismos de financiamento que se poñan en marcha no exercicio 2012 co obxecto sinalado, a Administración do Estado poida prestar as oportunas garantías sen que, de forma puntual e extraordinaria, lle sexan aplicables as actuais limitacións.

Artigo único. *Exclusión do ámbito de aplicación da disposición adicional da Lei orgánica 3/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.*

Os mecanismos extraordinarios de financiamento que poida habilitar o Estado durante o exercicio 2012 co fin de que as comunidades autónomas fagan fronte ás obrigas pendentes de pagamento cos seus provedores anteriores ao 1 de xaneiro de 2012 quedarán excluídos do ámbito de aplicación da disposición adicional da Lei orgánica 3/2006, do 26 de maio, de reforma da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación normativa.*

Habílitáanse o Goberno e o ministro de Facenda e Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións e adoptaren as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido nesta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 3 de abril de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY